

PROGRAMA FORMATIVO 'DEBUXANDO A NATUREZA 2022/2023'


ESPECIES DE OUTONO



COAWA
la comunidad del agua

**Coñece nesta historia
as especies de flora e
fauna que podemos
atopar no outono no
entorno do Encoro de
Cecebre...**

CLASIFICACIÓN DAS ESPECIES





HEDRA FEMIA

Hedera hibernica

O outono é unha época de transición entre o verán e o inverno, na que a flora e fauna se preparan para os meses máis fríos do ano. Non todas as flores se poden ver na primavera e no verán. Hai especies que retrasan a súa floración ao outono, como pode ser a **Hedra Femia (*Hedera hibernica*)**.









ABELLA DAS HEDRAS

Colletes hederæ



A Hedra Femia atrae aos polinizadores que quedan nesta época, como as últimas obreiras dalgúns abellóns, ou unha abella que se especializou nesta planta e que recibe o nome de **Abella das Hedras (*Colletes hederæ*)**. Estas abellas son solitarias, pero pódense xuntar no chan moitas femias cos seus niños nos meses de setembro e outubro.

Permanecerán ahí ata que cheguen as chuvias cando as deixaremos de ver ata o ano seguinte nas mesmas datas. ¿Qué estarán a facer cando non as vemos? Pois estaranse desenvolvendo as novas xeracións de abellas nas galerías construídas polas femias no solo, e alimentaranse do polen que elas mesmas recolleron.



Outra planta que podemos ver florescer ao início do outono é a **orquídea estrangurria do outono** (*Spiranthes spiralis*), de pequenas flores brancas. É unha especie rara e que pasa moi desapercibida nos prados nos que aparece.

ORQUÍDEA, ESTRANGURRIA DE OUTONO

Spiranthes spiralis



Outra planta que floresce nesta época é a **Tollemérendas do Outono** (**Colchicum autumnale**), de flores violetas. O florescimento de esta planta indica que cada vez os días son máis pequenos.



TOLLEMERENDAS DO OUTONO

Colchicum autumnale





CERQUIÑO

Quercus pyrenaica

Como comentamos, os días tras o verán pouco a pouco vanse facendo máis pequenos e as árbores prepáranse para o frío do inverno. Van escurecendo as súas follas e deixándoas caer sobre as súas raíces, como fai por exemplo o **Cerquiño** (*Quercus pyrenaica*).




Baixo estas follas, moitos invertebrados atopan o agocho perfecto para pasar o outono e o inverno, como a **Avelaíña Raposo (Macrothylacia rubi)**. Esta avelaíña pasa os meses fríos protexida e alimentándose para así poder facer a crisálida cando chegue a primavera.

AVELAÍÑA RAPOSO

Macrothylacia rubi





COELLO BRAVO

Oryctolagus cuniculus



Os cerquiños, no outono, producen o seu froito: as landras. Estas landras son moi cobizadas por moitos animais como alimento para pasar o inverno. É o caso do **Coello Bravo** (*Oryctolagus cuniculus*).



FENTA

Blechnum spicant

Hai plantas que non perden as súas follas durante estes meses fríos, como é o caso dalgúns fentos coma a **Fenta** (*Blechnum spicant*). Nestes meses, mantén as súas follas estériles sendo visibles nos bosques maduros, lindes e camiños. Son follas fértiles, máis estreitas.





PAPOAZUL

Luscinia svecica


Os ventos do norte traen consigo non soamente frío e auga, senón tamén especies migradoras, como as aves. Un ave que se pode ver no seu paso migratorio é o **Papoazul (Luscinia svecica)** que abandona a finais do verán as zonas de cría no norte e centro de Europa e vaise para as zonas de invernada en África. No seu camiño detense na nosa terra para descansar e repoñer forzas antes de seguir a súa viaxe.

Hai outras aves que crían no norte de Europa coma o **Cullereiro** (**Platalea leucorodia**) ou o **Mazarico de Rabo Negro** (**Limosa limosa**), pero que pasan o inverno nos nosos espazos naturais como é o encoro de Abegondo-Cecebre.



CULLEREIRO

Platalea leucorodia



MAZARICO DE RABO NEGRO

Limosa limosa





Pero non todas as especies migradoras son aves. En setembro e outubro, recibimos do norte de Europa exemplares da **Feiticeira Común** (**Vanessa atalanta**), unha bolboreta de cores negro, branco e vermello que aproveita os ventos do norte para facer as súas migracións, chegando cada vez máis ao sur, ata África.

Faino a través de diferentes xeracións, é dicir, esta bolboreta cando chega ata nós, deixa os seus ovos nas plantas nutricias para que cando se convertan en adultos continúen coa migración cara o sur.

FEITICEIRA COMÚN

Vanessa atalanta





ARAÑA DE PÉS ESPIÑOSOS

Zoropsis spinimana



Estes fríos do norte tamén fan que moitas especies busquen o quentiño nas nosas casas, como poden ser algunhas especies de arañas, como a **Araña de Pés Espiñosos (*Zoropsis spinimana*)**. Esta araña é nocturna e non precisa dunha rede para cazar as súas presas.



LESMA LEOPARDO

Limax maximus



As primeiras chuvias fan que algunhas especies saian dos seus agochos estivais. Este é o caso dos gasterópodos, como por exemplo a **Lesma Leopardo (*Limax maximus*)**. O podemos ver nos camiños saíndo a alimentarse nas noites húmidas.



Os anfibios tamén se volven a ver coas primeiras chuvias do outono, como é o caso do **Pintafontes Común** (*Lissotriton boscai*), que se está a mover cara as zonas de cría. Este anfibio caracterízase por ter o ventre de color vermello alaranxado.

PINTAFONTES COMÚN

Lissotriton boscai





REBENTABOIS

Amanita muscaria

O aumento da humidade favorece tamén a aparición de cogomelos, como é o moi coñecido **Rebentabois (*Amanita muscaria*)**, de sombreiro vermello e con pintas brancas e pe branco. Este cogumelo era empregado antigamente para atraer ás moscas polo seu cheiro, ademais de ser alucinóxeo.



I LISTADO DE ESPECIES

01 HEDRA FEMIA
Hedera hibernica

02 ABELLA DAS HEDRAS
Colletes hederæ

03 ORQUÍDEA,
ESTRANGURRIA DO
OUTONO
Spiranthes spiralis

04 TOLLEMERENDAS DO
OUTONO
Colchicum autumnale

05 CERQUIÑO
Quercus pirenaica

06 AVELAÍÑA RAPOSO
Macrothylacia rubi

07 COELLO BRAVO
Oryctolagus cuniculus

08 FENTA
Blechnum spicant

09 PAPOAZUL
Luscinia svecica

10 CULLEIRO
Platalea leucorodia

11 MAZARICO DE
RABO NEGRO
Limosa limosa

12 FEITICEIRA COMÚN
Vanessa atalanta

13 ARAÑA DOS PÉS
ESPIÑOSOS
Zoropsis spinimana

14 LESMA LEOPARDO
Limax maximus

15 PINTAFONTES COMÚN
Lissotriton boscai

16 REBENTABOIS
Amanita muscaria



COAWA
la comunidad del agua

